

MERECIDA E VALIOSA BIOGRAFÍA

MERCEDES QUEIXAS CONDÚCENOS POLOS SOCALCOS VITAIS E LITERARIOS MÁIS SALIENTABLES DA ESCRITORA VIGUESA MARÍA DO CARME KRUCKENBERG

Ramón Nicolás

Abro este libro ao chou e atópo-me cunha marabillosa síntese da figura de María do Carme Kruckenberg que sen dúbida debería, como a min me ocorreu, facer moito por internarse polas súas páxinas: «Sosegadamente meditativa, orgullosa do vivido, lectora voraz, conversadora locuaz, declamadora solemne e activa sempre, para a vida e para a literatura».

Tras o lido, medran as expectativas e debrúzome neste traballo de Mercedes Queixas aínda con maior interese, tanto pola seriedade e rigor que a súa autora veu deixando en numerosos traballos anteriores como pola curiosidade que me suscita a figura da Kruckenberg, prolífica e orixinal escritora, sempre próxima a quen se achegar a ela, de actitude discreta e elegante, mais posuidora de rotundas conviccións que configuran unha personalidade moi independente. E abofé que non saio decepcionado da lectura deste *Vivir, unha aventura irrepetíbel*, máis ben todo o contrario. Queixas sabe tirar intelixente partido de todo o que vive na



BIOGRAFÍA

«Vivir, unha vida irrepetíbel»

Mercedes Queixas Zas. Editorial Galaxia. 268 páxinas. 19 euros.

lúcida memoria da escritora viguesa —sustento primordial desta biografía na que só boto de menos un índice onomástico que lle outorgaría maior utilidade— pois, desde as instancias do exquisito respecto ás evocacións confesadas, estrutura e distribúe acadamente todo o material obtido, aplicando un criterio cronolóxico, contextualizando con acerto afirmacións e datos que precisan algunha aclaración e rescatando fragmentos epistolares, xornalísticos ou composicións poéticas, nalgún caso inéditas, que iluminan ne-



María do Carme Kruckenberg, o pasado mes na Coruña | MARÍA AURTENECHEA

cesariamente aspectos que así o demandan.

Mais, alén de recoñecer o acerto da biógrafa, este volume serve para rescatar merecidamente e pór ao día o percorrido vital, cultural e literario dunha das voces pioneiras e máis singulares do nosa lírica última. Quen se achegue ao volume descubrirá ou redescubrirá unha traxectoria persoal que avanza de mans dadas coa literatura, entrelazándose ou harmonizándose ambas dimensións con naturalidade para coñecer a sombra protectora do pai liberal e culto, a liñaxe familiar, a experiencia vital da guerra, o amor e a maternidade, as viaxes e o deveso por coñecer, a participación en tertulias, as viaxes e lecturas e ese amplísimo abano de amizades, nalguns casos encontros ocasionais ou máis duradeiros, cunha parte

substantiva de escritores e artistas significados aquén e alén do océano..., entre os que me permito salientar as de Alberti, Seoane ou Lorenzo Varela, alén do relato dos dous emotivos encontros con Castelao.

Capítulo á parte merece o protagonismo que adquiren as súas achegas literarias, tanto en castelán como en galego, e que se analizan desde o seu proceso de xestación, pasando pola intención cos que foron ideadas ata recepción das mesmas, co que dalgún xeito se reivindica colectivamente a presenza e importancia dos autores e autoras da denominada xeración dos 50.

En definitiva, unha operativa e acaída reconstrución biográfica en clave literaria que se erixe como unha achega moi necesaria para coñecer e recoñecer alguén que realmente o merece.

RETRATO EN SEPIA

Luís González Tosar

O soño do patriarca

Cumpríronse, o pasado 10 de abril, en silencio, 35 anos do pasamento do noso último patriarca. Ramón Otero Pedrayo sobreviviu, cinco meses —menos dez días—, ao xeneral Francisco Franco, a quen detestaba. O profesor deposto da súa cátedra de instituto por defender nas Cortes, 1931, unha república federal, o galeguista fiel a Bóveda e a Castelao, o enviado da resistencia a Bos Aires, en 1947, deixou un impresionante alegato contra a barbarie fascista: *O libro dos amigos*, pouco lido e citado. Moitas, senlleiras, foron as súas valentías fronte á ditadura. Carlos Casares, o seu biógrafo, conta o acontecido en Ourense o 11 de novembro de 1949, centenario de Lamas Carbajal. Don Ramón



Ramón Otero Pedrayo | VILLAR

falou pola mañá en castelán, representando á RAG, no Teatro Avenida. Por suposto, citou a Castelao. Pola tarde fíxoo en galego, de por si, diante do monumento ao vate cego, no xardín do Posío. Volveu a Castelao e afirmou: «Moitas cousas, aínda as máis solidamente afinadas, pasan e desaparecen co tempo; pero a poesía galega vive e perdurará...». O discurso alporizou aos falanxistas presentes, e o goberna-

dor ordenou axiña tocar o *Cara al sol*. Otero permaneceu cos brazos caídos, outros ergueron o dereito. Eu lembro agora o seu enterro. A caixa de araucaria, ou de pinsapo («o meu irmaución», chamáballe el), entrando na catedral, abaleando polo camposanto de San Francisco arriba, entre milleiros de cabezas. Foi a primeira manifestación da propia identidade á que asistín. Estaba a oposición toda, os exiliados, os bispos das cinco dioceses, os labregos (os seus veciños dos Chaos de Amoeiro), o pobo ourensán... Sentíase latexar a Terra Nai, proclamando a luz do verbo que nos une. Tamén recordo (1975) que a comisión, ilegal, encargada do 25 cabodano de Castelao, acordou trasladarlle o convite a Otero. Visi-

touno, na rúa da Paz, Celso Sánchez, nacionalista de ERGA. D. Ramón aceptou encantado. En Compostela, co Salón Artesonado de Fonseca ategado de estudantes, pronunciou vibrante oración: *O irmán Daniel*. De volta, no taxi, escoitámoslle a descrición das paisaxes: o xiro de Santiago, a Ulla, Trasdeza, Deza, O Reino, Tamallancos... Ao remate, o seu soño: «Facer de Galicia unha república campesiña, respectuosa de Deus e das tradicións dos devanceiros». A utopía renace, cada derradeiro domingo de San Xoán, na Casa Grande de Cima-devila. Mentres, agochada tras os castiñeiros centenarios, a súa pantasma ri no souto. As gargalladas atravesan as baleiras caracochas, e así, ecoando, chegan ao mar.

CUALIFICACIÓN

*** MOI BO

** BO

* CORRECTO

● MELLORABLE